



Movemento
Sumar
Galicia

Estimada Portavoz,
Estimado Portavoz,

Diríxome a ti en nome de Movemento Sumar Galicia logo dun acordo da nosa Executiva Nacional, para trasladarche unha proposta que, sendo complicada, é hoxe, na nosa opinión, un imperativo moral. Igual que ven de facer Movemento Sumar a nivel estatal, acordamos no día de onte dar inicio a unha saída ordenada da rede social X/Twitter, debido ao seu cada vez máis claro sesgo ultradereitista, antidemocrático e contrario aos máis elementais dereitos humanos. **E desexamos poder facelo conxuntamente coa túa organización, con todas as organizacións progresistas de Galicia.** Esta carta acaba de ser enviada a BNG, PSdeG, Esquerda Unida, EQUO-Galicia e Podemos Galicia, e agardamos contar con todas nesta misión conxunta en prol da democracia tamén na rede.

Hoxe en día, a plataforma X é definitivamente un altofalante da extrema dereita mundial e do goberno Trump, no que as forzas políticas progresistas están silenciadas e amarradas. O algoritmo de X promove o racismo, o odio, o machismo e a fobia LGTBIQA+, polo que non é un campo de xogo válido para a libre expresión de ideas en pé de igualdade. Na nosa opinión, ademais, non podemos seguir a ser escravos dunha persoa como o propietario desta rede, Elon Musk, que **ten unha actitude marcadamente fascista cada vez máis evidente.**

Creemos firmemente que quedar en X xa non é útil, non imos convencer a ninguén de que as propostas progresistas son quen de mellorar a vida da xente se enfronte temos un algoritmo sesgado que nos silencia mentres impulsa narrativas de ultradereita.

Apelamos a ti, e á túa organización, para que traballemos de maneira conxunta en impulsar novos espazos máis amables e democráticos, transparentes e constructivos. Creemos firmemente na nosa capacidade conxunta de artellar alternativas onde amosar os nosos acordos e discrepancias, pero sempre dentro dun marco democrático, algo que xa non se da nesta plataforma.

Desexamos animarvos a dar este paso, **para abandonar de forma coordinada X pactando unha data**, dando un exemplo en Europa dun cordón sanitario tamén na rede. **A única forma de que sexa efectivo, e que provoque un efecto de bóla de neve tamén no Estado, é facelo de forma conxunta e anunciándoo.**

Somos conscientes da vertixe que isto pode supoñer, dado que hai organizacións con comunidades moi grandes, pero cremos que este proceso pode facerse de forma progresiva, favorecendo a migración a outras plataformas e enviando mensaxes individualizadas ás bases militantes e simpatizantes para que ninguén quede no camiño.

Pola nosa parte, como indicaba no inicio desta carta, esperámosvos para comezar en breve os pasos preliminares que culminen, no prazo máis curto posible, coa nosa saída desta rede que non pode considerarse, hoxe, moito máis que un pozo de odio.

Antes de rematar, desexo agradecerche o teu tempo, e insistir na nosa sincera vontade de colaborar na busca de espazos. Por suposto, ficamos ao teu dispor para establecer un diálogo encamiñado a cumprir este obxectivo. Agardamos que sexa un primeiro paso na construción dun espazo público no que as ideas, e non o odio nin as mentiras, sexan o fío condutor da conversa.

Unha aperta fraternal,

Paulo Carlos López López

Secretario Xeral de Movemento Sumar Galicia